

NORMATIVA

Normativa interna de centro para a elaboración do traballo de fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

Versión consolidada: 12 de xullo de 2022

NORMATIVA INTERNA DE CENTRO PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO EN DEREITO E EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Coas modificacións validadas nas Comisións de Calidade do 26 de marzo, 24 novembro de 2015, 17 de febreiro de 2016 e 23 de abril de 2020

Coas modificacións aprobadas nas Xuntas de Facultade de 9 de abril, 7 de outubro, 1 decembro de 2015, 18 de febreiro de 2016, e 25 de outubro de 2017, 24 de abril de 2020 e 6 de novembro de 2020

PREÁMBULO

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, dispón nas Directrices para o deseño de títulos de Graduado (art. 12) que estas concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grado (en diante, TFG) orientado á avaliación de competencias asociadas ao Título.

Pola súa banda, as Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao (aprobadas en Consello de Goberno de 5 de marzo de 2008) recollen no punto 3, referente á “Estrutura Xeral dos Plans de Estudo de Grao”, que o TFG será obrigatorio e ofertado no sétimo ou octavo dependendo da titulación cuadrimestre cun valor académico que oscilará entre os seis e os trinta créditos ECTS. Así mesmo, a Universidade, no seu Consello de Goberno de 17 de xullo de 2015, aprobou o Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao.

Atendendo ás normas de estudos de Grao, as Memorias dos Títulos de Grao en Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos, avaliada positivamente pola ANECA, inclúen a elaboración e exposición do referido TFG por parte dos alumnos do derradeiro curso dos seus respectivos plans de estudos e dispón que o Centro aprobará unha normativa interna para a súa xestión.

En consonancia con todo o anterior, elaborouse a presente normativa interna de centro para a realización dos TFG.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa, que desenvolve o regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 17 de xullo de 2015, ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación e revisión do TFG do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Artigo 2. Comisión de Traballos Fin do Grao de Dereito e do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos

1. A aplicación e interpretación desta normativa interna corresponderalle á Comisión de Traballos Fin de Grao de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos.

2. Esta Comisión estará integrada por nove membros nomeados pola Xunta de Facultade do seguinte xeito:

- a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue
- b Secretario/a do Centro, quen actuará como secretario/a da Comisión
- c Os Coordinadores/as dos Graos
- d Dous profesores/as a tempo completo con docencia maioritaria, un de cada Grao, a proposta do Decanato.
- e Dous representantes do alumnado -un de cada Grao-, propostos polos representantes estudiantís de cada respectivo Grao.
- f Un representante do PAS proposto polo PAS.

3. Ao inicio de cada curso académico, no seu caso, renovaranse os membros da Comisión que non cumpran os requisitos para formar parte da mesma.

Artigo 3. Definición do TFG

1. O TFG é unha materia do plano de estudos dos Graos de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos, nos que se lles asigna unha carga equivalente a 6 Créditos ECTS.
2. O TFG é un traballo individual e orixinal, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra Facultade ou Escola, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias dos Graos en Dereito e de Relación Laborais e Recursos Humanos.
3. O TFG estará orientado a que o alumnado amose a capacidade de integración dos diversos contidos formativos recibidos e a adquisición das competencias vencelladas co Grao que cursa. En particular, deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes:
 - a Capacidade para definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Grao;
 - b Capacidade para realizar o traballo proxectado;
 - c Capacidade para presentar e defender publicamente o TFG.
4. A avaliación do TFG será responsabilidade dun Tribunal avaliador constituído de acordo co establecido no artigo 7 do presente texto.

Artigo 4. Orientacións xerais de TFG

1. Para poder defender o TFG o/a alumno/a debe ter aprobadas todas as restantes materias do Grao.
2. O TFG poderá elaborarse en institucións o empresas externas da Universidade de Vigo, nos termos que se reflectan nos convenios institucionais asinados. No caso de que o

TFG se elabore nunha institución externa á Universidade de Vigo, existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa na que se realice o traballo. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.

Artigo 5. Autoría do TFG

1. O TFG será elaborado de xeito individual por cada un/unha dos/as alumnos/as matriculados/as en forma e prazo nesta materia do Grao.
2. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderá ao autor do TFG. Poderá ser compartida co titor/a académico/a ou entidades públicas ou privadas colaboradoras de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

Artigo 6. Da titorización

1. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo. Todos os TFG terán un/a titor/a académico.
2. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación do traballo fin de grao, consonte ao artigo 2.6 do regulamento para a realización do TFG aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 17 de xullo de 2015, forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.
3. Cada docente a tempo completo que teña a súa docencia maioritaria neste Centro deberá ofertar un número de TFG correspondente ó resultado de dividir o alumnado matriculado no TFG nese curso polo número de docentes a tempo completo con docencia maioritaria no centro.
4. Farase unha distribución inicial do profesorado segundo o seu perfil docente a) exclusivamente en dereito, b) exclusivamente en relacións laborais ou c) en ambos ámbitos.

O profesorado con perfil docente exclusivamente en dereito ou en relacións laborais ofrecerá no grao correspondente un número de traballos coincidente co coeficiente calculado segundo o parágrafo anterior. Respecto o profesorado con perfil docente nos dous ámbitos, farase un cálculo da porcentaxe que TFG que é necesario ofertar en cada un dos grados da cordo co número de alumnos matriculados en cada un deles no TFG e ese profesorado ofrecerá o número correspondente ó coeficiente do paragrafo anterior repartido entre os dous grados nesa porcentaxe.

5. Para a adxudicación de titores, abrírase en primeiro lugar un prazo para que os/as alumnos/as poidan presentar propostas temáticas consensuadas con docentes do Centro.

6. Rematado o prazo para a presentación das propostas consensuadas, procederáse á oferta de propostas temáticas para o resto do alumnado matriculado no TFG. O número de traballos ofertados nesta fase será ó correspondente ó criterio establecido no paragrafo 4, ó que se lle descontará o número de TFG que aceptaran dirixir de forma consensuada cos alumnos na primeira fase (paragrafo 5).

7. Farase un cálculo do número de TFG que lle corresponde dirixir ás áreas ou Departamentos segundo o numero de profesorado a tempo completo e con docencia maioritaria no Centro que teñan. O profesorado a tempo parcial das areas ou Departamentos, poderán asumir voluntariamente parte dos TFG que lle corresponde á area ou departamento segundo o anterior cálculo.

As áreas ou Departamentos poderán redistribuír internamente o reparto de TFG entre o seu profesorado sempre que se oferte en total polo menos o numero de TFG correspondente ó calculo indicado no paragrafo anterior.

8. Excepcionalmente, a Comisión de TFG poderá autorizar a titorización de TFGS a profesorado distinto ó indicado nos apartados anteriores.

9. Nos casos de baixa prolongada dalgún/unha titor/a, ou da súa desvinculación coa Universidade de Vigo, a Comisión de TFG, previa consulta ca área de pertenza do/a titor/a,

asignará un/unha novo/a ao alumno/a afectado/a. En todo caso os/as profesores/as da área teñen a obriga de asumir a titorización do traballo.

Artigo 7. Tribunal avaliador do TFG

1. O tribunal avaliador de TFG poderá ser colexiado ou unipersoal conformado, neste caso, unicamente polo propio titor/a de TFG.
2. Para a conformación dos tribunais colexiados a Comisión propondrá, ao comezo do curso correspondente os Tribunais avaliadores de TFG de cada un dos Graos, que actuarán en todas as convocatorias de cada curso académico.
2. Formaranse para cada Grao 2 Tribunais. Os profesores que integren os Tribunais serán elixidos entre aqueles que sexan docentes con docencia maioritaria no Centro. Os seis primeiros profesores de cada un dos Graos que saian no sorteo actuarán como titulares e os seis segundos como suplentes. Excepcionalmente, a proposta da Comisión de Traballos de Fin de Grao, poderá facerse un sorteo para cubrir a vacante dun posto nun Tribunal que non poderá ser cuberta polo suplente por causas xustificadas.
3. Para a formación dos Tribunais quedarán excluídos, na medida do posible, aqueles profesores que tivesen formado parte dos Tribunais avaliadores nos cursos académicos precedentes.
4. Os membros dos Tribunais actuarán respectivamente como Presidente/a, Secretario/a e Vocal. Seguiranse os criterios de categoría docente e antigüidade para a determinación do Presidente/a e Secretario/a.
5. Os/as vicedecanos/as responsables do TFG distribuirán alfabeticamente os traballos entre os dous Tribunais de cada Grao. Excepcionalmente poderán cambiar a asignación de Tribunal cando un dos membros deste sexa titor do devandito traballo.

CAPÍTULO II: DAS PROPOSTAS TEMÁTICAS

Artigo 8. Presentación de propostas temáticas

1. A Comisión establecerá os prazos concretos nos que as propostas consensuadas de TFG entre alumno/a e titor/a deben ser presentadas no Decanato da Facultade para a súa

publicidade.

2. As propostas de TFG deberán estar vencelladas ao perfil da titulación para a que se propoñen. Cada proposta temática deberá ir acompañada dunha breve exposición dos motivos que acreditan o interese e viabilidade do TFG proposto. As propostas presentaranse no modelo que figura no Anexo I.

3. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as propostas presentadas serán estudadas pola Comisión de TFG que decidirá sobre a admisión de cada proposta.

4. Necesariamente, deberá motivar as exclusións.

5. A Comisión establecerá a continuación os prazos concretos nos que as demais propostas de TFG deben ser presentadas no Decanato da Facultade para a súa publicidade. Estas propostas de TFG tamén deberán estar vencelladas ao perfil da titulación para a que se propoñen. Cada proposta temática deberá ir acompañada dunha breve exposición dos motivos que acreditan o interese e viabilidade do TFG proposto. As propostas presentaranse no modelo que figura no Anexo II.

6. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as propostas presentadas serán estudadas pola Comisión de TFG que decidirá sobre a admisión de cada proposta. Necesariamente, deberá motivar as exclusións e, no seu caso, abrir un novo prazo para a presentación de novas propostas.

Artigo 9. Asignación, proxecto e titor/a académico/a

1. Calquera conflito na titorización dos TFG, tanto na asignación do titor/a ou do alumnado, como na asignación de proposta temática, será analizado e resolto no prazo

máximo de dez días tendo en conta as circunstancias de cada caso pola Comisión de Traballo Fin de Grao.

2. As devanditas asignacións de titor/a e proposta temática terán unha validez de dous cursos académicos, con posibilidade de prórroga previo consentimento do titor e autorización da Comisión de Traballo Fin de Grao Unha vez transcorrido dito período deberá realizarse

un novo proceso de asignación de titor/a e de proposta temática, excepto para a convocatoria de fin de carreira do alumnado matriculado no curso anterior.

CAPÍTULO III: DA PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DOS TFG

Artigo 10. Solicitud de presentación pública do TFG

1. A presentación pública e avaliación do TFG farase no correspondente período de exames do curso académico no que o/a alumno/a está matriculado. Cada curso académico haberá catro convocatorias. Unha convocatoria será a de fin de carreira; unha segunda convocatoria fixarase nunha data posterior á finalización do primeiro cuadrimestre; a terceira será a de xuño e a cuarta a de xullo.
2. O/a alumno/a solicitará, co visto e prace do seu respectivo titor/a académico, a presentación e a avaliación do TFG no prazo que con antelación suficiente respecto de cada convocatoria aprobe e publique a Comisión de TFG.
3. No momento de presentación da solicitude de defensa do TFG a/o estudante deberá indicar o tipo de tribunal avaliador, colexiado ou unipersoal, polo que opta.
4. Excepcionalmente, consonte dispón o artigo 7.4 do regulamento para a realización do TFG aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 17 de xullo de 2015, a Comisión de TFG, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada do/a estudante.
5. Feita a tramitación electrónica, a solicitude de presentación do TFG formalizarase preferiblemente a través dunha mensaxe de correo electrónico dirixida á dirección do Decanato. A esta mensaxe adxuntarase unha versión do TFG en formato ".pdf", así como o documento automaticamente xerado durante a tramitación electrónica. No arquivo en formato ".pdf" deberán constar o NIF, o nome e os apelidos da persoa autora do TFG, o título do mesmo e o curso académico no que se deposita. Ademais, no texto do correo electrónico dirixido ao decanato faranse constar os devanditos datos.
6. No caso de que a remisión a través de medios telemáticos nos sexa posible, a solicitude de presentación do TFG presentarase no Decanato, dirixida a Comisión. Esta solicitude deberá ir acompañada da versión en papel

do TFG co visto e prace da persoa encargada da titorización.

6. A efectos de avaliación, o titor/a académico emitirá un informe no que valorará e cualificará o labor realizado polo alumno/a durante o período de elaboración do TFG. Este informe acompañará a documentación referida no punto 3.

7. Os/as vicedecanos/as ou o/a coordinador/a responsables do TFG verificarán o cumprimento polos estudantes dos requisitos para a defensa do traballo.

Artigo 11: Acto de presentación pública do TFG

1. O acto de presentación será realizado polo/a alumno/a en sesión pública, ante o tribunal colexiado ou unipersoal, na data e hora asignadas.

2. O/A alumno/a exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas.

3. De non ser posible a defensa presencial, poderá realizarse de xeito virtual sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas que permitan a súa viabilidade.

4. A Comisión de TFG, con carácter excepcional e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a persoa titora ou cotitora poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

Artigo 12. Avaliación e cualificación do TFG

1. Celebrado o acto de presentación pública do TFG, o Tribunal avaliador, colexiado ou unipersoal, deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo/a titor/a académico/a, a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do/a alumno/a. Na avaliación aplicaranse os seguintes criterios:

1. Informes dos titores: Ata 3 puntos
2. Calidade do contido: Ata 5 puntos
 - a Metodoloxía: máximo 2
 - b Calidade da redacción: máximo 1
 - c Conclusións: máximo. 2
3. Exposición: Ata 2 puntos
 - a Claridade expositiva: máximo 1
 - b Capacidade de debate e defensa argumental:
máximo 1

Aos efectos da ponderación do apartado 1 o titor deberá emitir unha puntuación numérica sobre base 10.

2. Cando o tribunal avaliador é colexiado a cualificación final será a resultante da media aritmética das notas atribuídas por cada un dos membros do Tribunal avaliador.

3. Consonte dispón o artigo 8.5 do regulamento para a realización do TFG aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 17 de xullo de 2015, cando o tribunal avaliador é colexiado as persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación.

4. A cualificación outorgada polo tribunal unipersoal pode variar entre 0 e 8 mentres que a outorgada polo tribunal colexiado poderá oscilar entre 0 e 10 puntos podendo conceder ao remate da avaliación e cualificación da totalidade do TFG, a mención de matrícula de honra de conformidade coa normativa vixente na Universidade de Vigo.

5. En calquera caso o Tribunal, unipersoal ou colexiado, poderá suspender a un estudante se detecta deficiencias graves no traballo (grandes carencias na redacción ou na estrutura, fallas ortográficas reiteradas ou plaxio), debendo xustificalo debidamente mediante un informe adxunto á acta.

6. No caso de que o TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5), o Tribunal, colexiado ou unipersoal, deberá indicar aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora para acadar a devandita cualificación.

7. No suposto anterior o/a estudante poderá presentar novamente o TFG á consideración do Tribunal, unipersoal ou colexiado, noutra convocatoria do mesmo curso académico.

Artigo 13. Revisión de cualificación do TFG

1. No prazo de vinte e catro horas computadas dende a notificación o publicación da cualificación, o/a alumno/a poderá solicitar a súa revisión.

2. Na solicitude de revisión deberán constar, expresa e motivadamente, os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada.

3. No prazo de vinte e catro horas dende a finalización do prazo previsto no apartado 1, o Tribunal avaliador resolverá motivadamente.

Artigo 14. Arquivo de TFG

Os TFG que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo de TFG en formato dixital baixo a custodia da Facultade de Ciencias Xurídicas de do Traballo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DERIVADA DA SITUACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE DA CRISIS SANITARIA ORIXINADA POLO COVID-19. AVALIACIÓN E DEFENSA DO TFG ANTE UN TRIBUNAL UNIPERSOAL NAS CONVOCATORIAS DE XUÑO E XULLO CORRESPONDENTES AO CURSO 2019-2020.

(Validada pola Comisión de Calidade celebrada o 23 de abril de 2020. Aprobada na reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 24 de abril de 2020)

1. No momento da solicitude de defensa do traballo, o/a estudante deberá indicar por que tipo de avaliación opta:

a Manter o sistema de avaliación previsto nesta normativa, isto é, defender o TFG fronte ao tribunal colexiado que xa está constituído dende principio de curso.

b Elixir ser avaliado por un Tribunal unipersonal formado polo propio titor/a do TFG.

2. A avaliación por un Tribunal unipersonal rexerese polo disposto a continuación:

a Feita a tramitación electrónica, a solicitude de presentación do TFG presentarase no Decanato, dirixida á Comisión.

A solicitude, xunto coa certificación académica de estudos, deberá ir acompañada do visto e prace do/a titor/a académico/a. Así mesmo, enviarase por correo electrónico á dirección do Decanato unha versión do TFG en formato pdf. No pdf constará o NIF, nome e apelidos, título do traballo e curso académico. Ademais, no texto do correo electrónico dirixido ao Decanato co pdf adxunto o/a estudante fará constar todos os devanditos datos.

b Os/as vicedecanos/as ou coordinadores/as do TFG verificarán o cumprimento polos estudantes dos requisitos para a defensa do traballo.

c O acto de presentación será realizado polo/a alumno/a en sesión pública na data e hora fixada polo/a titor/a que, en ningún caso, poderá ser posterior á data fixada para o acto de defensa ante os Tribunais colexiados.

d O/a estudante exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, o/a titor/a realizará as observacións e

consideracións oportunas.

- e De non ser posible a defensa presencial, poderá realizarse de xeito virtual sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas que permitan a súa viabilidade.
- f Celebrado o acto de presentación pública, a cualificación outorgarase tendo en conta a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do/a estudante. Na avaliación aplicaranse os criterios establecidos no artigo 12.1 desta normativa.

3. En calquera caso o Tribunal, unipersoal ou colexiado, poderá suspender a un estudante se detecta deficiencias graves no traballo (grandes carencias na redacción ou na estrutura, fallas ortográficas reiteradas ou plaxio), debendo xustificalo debidamente mediante un informe adxunto á acta.

4. No caso de que o TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5) o/a estudante poderá presentar novamente o TFG á consideración do Tribunal, unipersoal ou colexiado, noutra convocatoria do mesmo curso académico.

5. No prazo de vinte e catro horas computadas dende a notificación ou publicación da cualificación, o/a estudante poderá solicitar a súa revisión.

Na solicitude de revisión deberán constar, expresa e motivadamente, os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada.

No prazo de vinte e catro horas dende a finalización do prazo previsto no apartado 1, o Tribunal avaliador, unipersoal ou colexiado, resolverá motivadamente.

6. A cualificación outorgada polo Tribunal, colexiado ou unipersoal, pode variar entre cero e dez puntos. En calquera caso, dada a limitación de matrículas de honra que se poden conceder en cada curso, a súa concesión basearase no seguinte sistema de méritos:

- Darase prioridade aos traballos defendidos ante un Tribunal colexiado e propostos para a obtención da cualificación Matricula de Honra.
- En caso de empate, terase en conta a cualificación obtida no TFG.
- Se non se acada unha solución despois da aplicación dos criterios anteriores, para desempatar terase en conta a nota media do expediente do/a estudante.

- De seguir o empate, teranse en conta o número de Matriculas de Honra obtidas, de sobresaíntes, notables e aprobados.
- De seguir o empate, en última instancia, procederase a un sorteo público

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Esta normativa se completa cos anexos engadidos a mesma numerados I (a), I (b), II (a) e II (b), III e IV (a) e IV (b).

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Esta normativa interna entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Facultade.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Os TFG dos alumnos do PCEO ADE-Dereito rexeranse pola súa normativa específica.

Anexo I (a)

FORMULARIO PARA A TITORIZACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS CONSENSUADAS
ALUMNO-TITOR

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

CURSO ACADÉMICO _____

ALUMNO / A	
PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

O alumno/a

O titor/a

Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS)

Anexo I (b)

FORMULARIO PARA A TITORIZACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS CONSENSUADAS
ALUMNO-TITOR

GRAO EN DEREITO

CURSO ACADÉMICO _____

ALUMNO / A	
PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

alumno/a

titor/a

Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRAO EN DEREITO)

Anexo II (a)

FORMULARIO PARA A TITORIZACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA A TITORIZACIÓN DE TFG
DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

CURSO ACADÉMICO _____

ALUMNO / A	
------------	--

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

O alumno/a

O titor/a

Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS)

Anexo II (b)

FORMULARIO PARA A TITORIZACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA A TITORIZACIÓN DE TFG
DO GRAO EN DEREITO

CURSO ACADÉMICO _____

ALUMNO / A	
------------	--

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROFESOR/A TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBXECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

O alumno/a

O titor/a

Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRAO EN DEREITO)

Anexo III NORMAS PARA A ELABORACIÓN DOS TFG

I. LÍNGUA DOS TRABALLOS

Os TFG poderán presentarse e defenderse en galego, castelán ou calquera outra lingua que contemple a memoria das titulacións. A redacción dos TFG debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

II. ORIXINALIDADE E CARÁCTER INÉDITO DOS TFG

Os TFG serán necesariamente traballos orixinais e inéditos.

III. CARÁCTER CIENTÍFICO DOS TRABALLOS

Os TFG que se presenten deberán conter necesariamente o plantexamento do tema, o seu desenvolvemento e as conclusións obtidas.

- a. Os TFG irán precedidos de tres apartados previos:
- b. Un resumo (en castelán ou galego e inglés)
- c. Un elenco de palabras clave do estudo (en castelán ou galego e inglés)
- d. Un listado de abreviaturas
- e. Un Sumario global ou índice que recolla a totalidade de epígrafes do TFG. As conclusións deben quedar debidamente destacadas.

IV. EXTENSIÓN E FORMATO DOS TRABALLOS¹

Os traballos terán una extensión comprendida entre as 30 e 50 páxinas encanutilladas. A efectos do cómputo do número de páxinas teranse en conta a portada, os resumos, a listaxe de abreviaturas, o sumario e a listaxe bibliográfica. Se se inclúen anexos, non se terán en conta no

cómputo total de páxinas sinalado anteriormente. Deberán remitirse en letra Times New Roman tamaño 12 e terá entreliñado de 1,5. As notas ao pé de páxina terán tamaño 10 da mesma letra e entreliñado sinxelo (1,0). Seguirase o formato indicado nos modelos dos Anexos IV a) e b).

Marxes do documento:

Marxe superior: 2,5 cm

Marxe inferior: 2,5 cm

Marxe dereito: 2,5 cm

Marxe esquerdo: 2,5 cm

A presentación en papel deberá conter unha portada na que conste: título do traballo, autor, titor, curso académico, convocatoria e titulación. A fin de evitar custos innecesarios, presentarase encanutillada.

Os epígrafes seguirán a enumeración árabe con seguinte formato: 1. Maiúscula grossa. 1.1 Minúscula grossa. 1.1.1 Minúscula grossa cursiva. a) Minúscula cursiva.

Exemplo:

- 1 REVISIÓN
 - 1.1 Actos
 - 1.1.1 Principios
 - 1.a *Obxecto*

V. CITA DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As regras de presentación das citas e referencias que a continuación se recollen seguen as pautas máis comúns ás que se adaptan as investigacións xurídicas.

Ofrécense como indicativas especialmente para este eido, e por tanto, preséntanse sen prexuízo de que se o TFG elaborado tivese unha maior vinculación con outra rama da ciencia (economía, socioloxía ou psicoloxía, principalmente), poida estar adaptado á metodoloxía propia da mesma.

PAUTAS METODOLÓXICAS

A primeira vez que unha obra sexa citada farase unha cita completa da mesma en nota ao pé, con arranxo aos seguintes formatos:

Identificación do autor o autores: apelido (ou, apelidos) e inicial do nome do autor, en maiúsculas ou versaletas, separados por unha coma e rematado con un punto. Exemplo:

RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUITIÁN, B. (A separación entre autores farase con punto e coma).

A continuación haberá de diferenciarse segundo tipo de traballo citado:

- **Libro:** título del libro en cursiva, seguido do número de edición (se hai máis de unha), editorial, localidade de edición e ano da mesma.

Exemplo: RAMOS MARVELO, P.; *Incidencia de la protección del medio ambiente en el uso del suelo*, Bosch, Barcelona, 2011.

A separación entre o nome do autor e o título farase a través de punto e coma, e a separación do resto de indicacións referidas a través de comas.

- **Artigo en publicación periódica (revista):** título do artigo entre comiñas, título da revista en cursiva - se a revista é coñecida comunmente con algún acrónimo, este tamén haberá de indicarse -, ano de edición, páxina inicial e final do artigo, ou páxina concreta do artigo no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental* (RDA), nº 17, 2011, págs. 89-112.

Exemplo 2: RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental* (RDA), nº 17, 2011, pág. 98..

- **Capítulo en colección de escritos de varios autores:** título do capítulo ou aportación escrita entre comiñas, título da obra colectiva en cursiva, mención – de ser o caso - do nome do coordinador, director ou editor da obra conxunta e, a continuación, mención da localidade e do ano de edición, páxina inicial e final do capítulo, ou páxina concreta no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELO, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, págs. 30-65

Exemplo 2: RAMOS MARVELO, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, pág. 47.

- **Obra en co-autoría:** os autores serán mencionados pola orde en que figuren no libro, artigo u outro tipo de escrito.

Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUITIÁN, B.; JUÁREZ TERRIOR, A.; E;

El turismo en el siglo XIX, Paitur, Madrid, 2004.

As posteriores citas da mesma obra serán abreviadas, mencionándose, unicamente, o apelido (ou apelidos, de selo caso), do autor ou autores, e unha abreviatura do título da obra, seguida de tres puntos suspensivos entre paréntesis e da indicación “*opus cit.*,” (obra xa citada).

Exemplo: RAMOS MARVELO, J.; “Problemas derivados de la aplicación, (...)”,
opus cit., pág. 35.

Modo de indicar as páxinas da obra ás que se refire a cita: farase coa abreviatura “pág.” ou “páxs.”. dependendo se de se quere aludir a una ou máis páxinas

Cita de documentos oficiais de organismos recoñecidos: empregarase o modo de cita oficial dos mesmos.

Cita de traballos localizables en páxinas web: Se a cita é de carácter xeral colocárase o *home page* e se é de carácter especial deberase colocar en primeiro lugar, a referencia ao traballo que se quere referir e a dirección do *link* onde aparece a información, “*home page*”. Deberase indicar tamén a última data da consulta, dado que a información das páxinas web cambia a miúdo ou, incluso, desaparece.

Exemplo:

a Cita de carácter xeral: www.mfom.es

b Cita de carácter especial:

RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”,

Revista de Derecho Ambiental (RDA), <http://webs.xacobeas.com/papers.pdf>. (19/01/2012)

VI. BIBLIOGRAFÍA E NOTAS AO PÉ

Nos TFG debe incluírse un epígrafe final no que se recolla toda a bibliografía, ordenada alfabeticamente, consultada para a súa elaboración

As notas a pé que irán incluídos ao longo do texto, segundo se vaian precisando, e non ao final do traballo.

Anexo IV a)

MODELO Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GRAO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

TÍTULO DO TFG

AUTOR/A: ...

TITOR/A: ...

CURSO:

CONVOCATORIA:

TÍTULO TITLE

Autor/a:

RESUMO:

PALABRAS CLAVE:

ABSTRACT:

KEYWORDS:

LISTADO DE ABREVIACIÓNS

ÍNDICE

1	MAIÚSCULA GROSA	X
2	MAIÚSCULA GROSA	X
2.1	Minúscula grossa	X
2.2.1	Grosa cursiva	X
1.a	<i>Cursiva</i>	X

Anexo IV b)

MODELO Grao en Dereito
TRABALLO DE FIN DE GRAO
GRAO EN DEREITO

TÍTULO DO TFG

AUTOR/A: ...

TITOR/A: ...

CURSO:

CONVOCATORIA:

TÍTULO TITLE

Autor/a:

RESUMO:

PALABRAS CLAVE:

ABSTRACT:

KEYWORDS:

LISTADO DE ABREVIACIÓNS

ÍNDICE

1	MAIÚSCULA GROSA.....	X
2	MAIÚSCULA GROSA.....	X
2.1	Minúscula grosa.....	X
2.2.1	Grosa cursiva.....	X
1.a	<i>Cursiva</i>	X